



Prestación por fillo/a menor de 3 anos

Prazo de solicitudes: O prazo de presentación de solicitudes para a cidadanía é do **4 de abril e rematará o 28 de maio de 2019 (ambos os dous incluídos)**

Beneficiarios:

1. Persoas que teñan fillas ou fillos menores de tres anos nados entre o 1.1.2016 e o 31.12.2017, ambos os dous días incluídos, e que, durante o ano 2017.
2. Non estar obrigadas a presentar a declaración polo IRPF 2017, nin a presentasen de xeito voluntario aínda sen estar obrigadas a iso.
3. Que as persoas proxenitoras teñan a súa residencia habitual en Galicia. No caso de que non quede acreditada a dita circunstancia pola presentación do xustificante de empadramento, poderáselles requirir para que presenten documentación complementaria que o demostre.
4. Que na data da solicitude os nenos ou as nenas convivan coa persoa solicitante.

Notas:

- Serán igualmente beneficiarias polas fillas ou fillos adoptados ou acollidos mediante resolución, xudicial ou administrativa, ditada entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2017.
- A persoa beneficiaria será aquela que teña a custodia das fillas ou fillos en resolución xudicial.
- Enténdese por unidade familiar a formada polo pai e/ou a nai que teña/n a custodia do ou da menor polo que se solicita a axuda e os fillos e fillas da persoa solicitante.
- En ningún caso poderán ser beneficiarias as persoas proxenitoras privadas da patria potestade das súas fillas ou fillos, ou se a tutela ou a garda fose asumida por unha institución pública.
- As persoas estranxeiras que residan en Galicia poderán beneficiarse desta prestación sempre que cumpran as condicións da Lei orgánica 4/2000 e os requisitos establecidos na orde. Ademais, deberán ter a condición de contribuíntes para os efectos do disposto na normativa do IRPF.

Contías	1º fillo	360€
	2º fillo	1.200€
	3º fillo	2.400€

Documentación	Copia do Libro de Familia ou certificación literal de nacemento do Rexistro Civil de cada unha das fillas ou fillos
	Certificado de empadramento conxunto de toda a unidade familiar
	Anexo II cuberto e asinado pola persoa proxenitora que non figure como solicitante e que forme parte da unidade familiar ou acreditación de monoparentalidade

📍 Máis información e inscricións: nos Servizos Sociais Municipais Centro Social Rúa Marquesa do Pazo, n.º 22 Teléfono 986 667 134